

Propostas de CCOO-ensino  
sobre a avaliación  
e finalización do curso  
2019/20




[www.ccooensino.gal](http://www.ccooensino.gal)



ensino

# Propostas de CCOO-ensino sobre a avaliación e finalización do curso 2019/20



A crise creada pola pandemia do COVID-19 provocou que o goberno decretara o Estado de Alarma o día 14 do pasado mes de marzo. Esta situación levou parella a suspensión das clases presenciais e a día de hoxe mantense esta situación. Non sabemos se este curso se reiniciará a actividade lectiva presencial ou se rematará o calendario escolar con actividade telemática. O que está claro é que se vai prolongar ata que as condicións sanitarias o requiran e sobre ata cando non existe ningunha certeza.


Neste contexto é imprescindible reformular os procesos de ensino/aprendizaxe dende unha análise profunda da nosa realidade.

A realidade do noso alumnado versa sobre unha **fenda económica e social**, herdada en boa parte pola crise financeira iniciada en 2008 e que non se arranxou debido ás políticas neoliberais e privatizadoras, que especialmente o goberno de Feijoo aplicou aos servizos públicos na nosa Comunidade Autónoma. E ademais, unha **fenda dixital**, na que temos alumnado con recursos e conexións rápidas a internet, e alumnado con conexións precarias así como carente de recursos informáticos. Porén, **non podemos permitir que as fendas económica e dixital exclúan a ningunha porcentaxe do alumnado do proceso educativo.**



A situación que estamos a vivir é nova e **non estabamos** preparados para unha **resposta educativa axeitada**. Por este motivo todas as aportacións son valiosas e CCOO-ensino quere participar con propostas para o debate, sempre dende a perspectiva dunha educación **inclusiva**, coa **equidade** como principio reitor e co obxectivo de que **ninguén quede no camiño**.


Se ben é certo que as medidas a implementar non teñen que ser as mesmas en todas as etapas, non é menos certo que podemos traballar cuns **criterios xerais** comúns e determinadas situacións deben analizarse dende a excepcionalidade. O alumnado e as súas familias enfróntase a esta novidosa realidade con distintas estratexias nas que as emocións xogan un papel moi importante no confinamento.




Partimos da incertidume de cando poida producirse a volta aos centros educativos pero intuimos que, de producirse, non será antes de mediados de maio con moita sorte. Incluso podería ser que non se volviera este curso.

Dende esta perspectiva CCOO-ensino fai as seguintes propostas para a reflexión:

▶ Necesítanse **instrucións claras e concretas** das Administracións Educativas sobre como actuar con respecto á terceira avaliación e final de curso e que estas **sexan comúns para os centros públicos e privados**. Actualmente as respostas dos centros están a ser moi diversas. Son as administracións educativas as que teñen que velar por unha resposta equitativa que non permita que saiamos desta crise afondando na fenda educativa.



▶ Na terceira avaliación **non se debe propor nova materia, non se debe avanzar no currículo**. En todo caso as propostas dos docentes deben afondar en aqueles aspectos traballados de forma presencial no centro. Debemos ser conscientes que **non imos chegar a todo o alumnado nas mesmas condicións** e debemos facer un esforzo maior con aquel alumnado que presenta máis dificultades para seguir avanzando.



▶ **A avaliación do curso tamén debe circunscribirse ao impartido de forma presencial**. Terase en conta o traballo realizado telemáticamente.

▶ Consideramos **imprescindible a flexibilización curricular**. Este curso os currículos deben acotarse aos contidos básicos e a parte do currículo que non poida ser abordada incluírase no do curso posterior ou posteriores. Esta modificación curricular **debe ser común, decidida polas administracións educativas e non polos centros** polas razóns expostas nos puntos anteriores.



▶ De producirse unha nova **incorporación aos centros** hai que ser moi cauto e **non pretender avanzar en contidos**. Hai que **coidar a situación emocional do alumnado** que vén dun confinamento e que pode ter certos temores. O máis importante será a súa saúde, o seu benestar e a socialización. Os currículos poden recuperarse. **A actividade presencial non debe incluír xullo e agosto** porque o alumnado debe recuperar tempo para o ocio e descanso emocional.





CCOO-ensino ten claro que estas propostas teñen unha concreción distinta nas diferentes etapas e ensinanzas. En educación infantil, primaria e primeiro ciclo da ESO as modificacións curriculares son máis doadas porque dispomos de tempo por diante para recuperar o traballo que non se puido facer neste curso. **En sexto de primaria haberá que reforzar a coordinación cos IES** para que a avaliación inicial que se faga nestes responda de forma profunda ás carencias que provocou o confinamento.

Nos caso dos **cursos que implican titulación** consideramos que o currículo que se avalíe ten que **limitarse ao impartido ata o 13 de marzo**. No caso de 2º de Bacharelato debe **facilitarse o acceso á ABAU** cun acompañamento continuo a distancia do alumnado. A situación emocional deste alumnado vese agravada polo stress ante unhas probas das que a día de hoxe se descoñece case todo. As autoridades educativas deben fixar de forma urxente a estrutura e temarios. Consideramos necesario que as probas **incrementen notablemente a optatividade** pois non podemos esquecer que a temporalización dos contidos non foi a mesma en todos os centros; **o alumnado ten que poder atopar entre as opcións aqueles temas que lles foron impartidos presencialmente.**



Caso específico tamén son os cursos dos ciclos formativos da FP. Os criterios de avaliación deben ser os mesmos que nos casos anteriores pero o que máis nos preocupa son a realización das prácticas e en maior grao a FCT. **Aínda que se poidan reducir as prácticas hai aprendizaxes que de non abordarse nesta fase suporán unha carencia importante para a capacitación laboral.** Por este motivo consideramos que aínda que a avaliación sexa positiva hai que **facilitar o aprazamento das prácticas** a un tempo posterior á finalización do curso.



[www.ccooensino.gal](http://www.ccooensino.gal)



ensino

[www.ccooensino.gal](http://www.ccooensino.gal)